



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

Xosé Lois Rey Muñiz, provisto de D.N.I. nº 35.451.163K, en representación da Delegación de Pontevedra da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), en relación co proxecto DIQUE FLOTANTE NORTE PARA MEJORA DEL ABRIGO DEL PUERTO DE A TOXA anunciado na sección V. Anuncios do BOE 33 de data 06/02/18.

EXPÓN:

1. Que con data 18/12/15 SGHN presentou alegacións a un proxecto similar "CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS NAÚTICO RECREATIVAS, na Illa da Toxa, clave 2005/0200". Na resposta trasladada pola Consellería de Medio Ambiente a esta entidade en escrito con saída de rexistro 3/02/16, entre outros temas se nos indicaba que esta entidade presupoñía infundadamente un incremento de prazas de atraque. Na páxina 17 da memoria ambiental do "novo" proxecto se indica textualmente "*Con esta alternativa, se solucionarían los problemas de abrigo y, además se consigue que, con la posible venta de los nuevos atraques, se pueda financiar la obra, haciendo esta viable económicamente*", é dicir, pouco a pouco vanse incrementando as prazas de atraque. Resulta indiferente quen promocioe o proxecto.
2. Que a ubicación destas instalacións faise dentro de:
 - a. A zona de especial conservación (ZEC) "Complejo Ons-O Grove (ES1140004)", pertencente á Rede Natura 2000
 - b. A zona de especial protección para as aves (ZEPA, Directiva 2009/147/CE.) "Complejo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira (ES0000087)" pertencente á Rede Natura 2000 e Área Importante para a Conservación das Aves, IBA.
 - c. O humedal "*Complejo intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira*" incluído no Convenio Internacional RAMSAR suscrito por España en 1982.
 - d. Un espazo integrado no inventario de zonas húmidas protexidas de Galicia. Lei 9/2001 de 21 de agosto (DOG nº171 de 4 setembro de 2001); Decreto 127/2008 de 5 de xuño (DOG nº 122 de 25 de xuño de 2008) e Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). Decreto 72/2004, de 2 de abril (DOG nº69 de 12 de abril de 2004).
3. Que o proxecto consta de varias actuacións como a ancoraxe das instalacións flotantes por medio de pilotes e quebraondas flotantes, coa función de atenuar a ondaxe.
4. Que a alternativa 2 reconece que esta alternativa estreita a canle de acceso e manobra á actuais prazas de amarre, xa complicadas por situarse estas no paso da corrente de enchido e baleirado da enseada, é dicir, que RECONECE a ubicación nunha zona de correntes. "*lo que dificulta el amarre de estas, ya de por sí bastante complicado en la zona por situarse estas en el transcurso de la corriente de llenado y vaciado de la ensenada.*"
5. Que no punto 4.4 Tipoloxía de fondos, o proxecto recolle que na campaña de prospección atopouse un fondo de fango e area duns 2 m de espesor en toda a lámina de auga estudada.
6. Que polo simple feito de incrementar o número de amarres, agora ou no futuro, implica un incremento de embarcacións, incremento de verquidos e fugas de aceites e combustibles, ruídos e molestias para a fauna, tanto reais como potenciais.
7. Que a propia avaliación ambiental indica que dentro dos límites do ZEC e zonas próximas desenvólense distintas actividades humanas que aparelan consecuencias negativas para a conservación dos elementos de interese comunitario, incorporando como máis importantes:
 - a. Existencia zonas de medre urbano continuo en zonas próximas á ZEC.
 - b. Pesca profesional activa dentro dos límites do espazo.
 - c. Existencia na ZEC de áreas portuarias.
 - d. Abondosa poboación salferida arredor da ZEC.
 - e. Práctica de acuicultura mariña no interior da ZEC.
 - f. Pesca deportiva.
8. Que o proxecto é particular, sen beneficio social xeral en detrimento do deterioro dos recursos marisqueiros da zona, afectado por un efecto sinéxico de acumulación de afeccións (verquidos non depurados, tránsito embarcacións, ruídos, ocupación do espazo).
9. Que a avaliación dos impactos está sesgada á favor do promotor.



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 03/03/2018 10:55:04

ENTRADA 21886 / RX 562402



- a. 6.2.2 MODIFICACIÓN DE LA CALIDAD DEL MEDIO MARINO ALTERACION DE LA DINÁMICA LITORAL: Considérase que só a nivel puntual, cada piar exercerá un reaxuste dos sedimentos, pero exclusivamente a ese nivel local. Trátase dunha zona de correntes e fondos areosos, polo que o reasentamento do fondo é imprevisible, como se ten demostrado en múltiples obras costeiras.
- b. CALIDAD DAS AUGAS. Considérase que a calidade da auga verase afectada na fase de construción polo enturbiamiento producido durante o afincado dos piares dos pantaláns, así como o risco de vertidos accidentais ó medio acuático nos traballos marítimos como consecuencia dun mal funcionamento da maquinaria. Na fase de explotación, os posibles vertidos accidentais dende embarcacións poderán afectar á calidade da auga. Considérase que o impacto global será cativo e que a auga recuperará a súa calidade ó cesar as causas. Darase un efecto sinérxico de contaminación por vertidos, accidentais ou non, como se pode comprobar en calquera peirao da costa galega. O propio funcionamento de algúns motores incrementa contaminación, que en maior ou menor grado será continua.
- c. COMUNIDADES BIOLÓXICAS. Na documentación recibida indícase que:
*“En relación a la biosfera marina las mayores repercusiones derivadas de las actuaciones marítimas proyectadas han de contemplarse en lo referente al proceso de hincado de los pilotes de cimentación y a la superficie de ocupación de los fondos; con la consecuente destrucción de las poblaciones que ahí habitan y que atañen, en este caso particular, a comunidades sésiles del medio sedimentario.
La cimentación de pilotes acarreará consigo la destrucción física de algunos de los organismos bentónicos asociados al fondo ocupado. La magnitud e importancia de este impacto dependerá de la diversidad, grado de estructuración de las comunidades y singularidad y grado de representatividad del biotopo y de las comunidades afectadas.
Otros organismos marinos serán eliminados de forma indirecta al inducir su migración a otras zonas alejadas de los puntos de actuación. Este último efecto se puede considerar de escasa relevancia ya que sus consecuencias son reversibles y la situación inicial se recuperará escaso tiempo después de finalizada las operaciones de pilotaje.
El aumento de turbidez de las aguas durante las operaciones de hincado de pilotes no se estima pueda producir efectos significativos en las condiciones de penetrabilidad de la luz solar y, por tanto, que afecta a la capa fótica disminuyendo la producción primaria del plancton. Ello es debido, tanto al carácter de la obra, de pequeñas dimensiones, como al procedimiento de hincado planteado que minimiza la puesta en suspensión de material del fondo.
Por otra parte, los potenciales efectos que sobre la avifauna de la zona pudiera tener la construcción de las instalaciones proyectadas se refieren a las molestias que se puedan producir por las emisiones de ruido, fundamentalmente durante el hincado de los pilotes. El efecto será de carácter temporal, de extensión puntual y reversible una vez finalicen las obras de construcción.”*
- Como xa se expuxo, a modificación dos sedimentos, coa colocación de estruturas fixas en zona de correntes atraerá cambios, maiores ou menores, pero cambios que novamente serán sinérxicos con outros factores negativos hoxe existentes e no interior dun espazo natural. Engádesse que a zona afecta directamente a dous bancos marisqueiros afectará directamente a zona de marisqueo AR-108, AR-080 e AR079 e indirecta (vía cambios no réxime hidrodinámica) a varios máis.
- d. 6.2.3 IMPACTOS SOBRE EL MEDIO PERCEPTUAL. *“El impacto es directo, permanente y continuo. Puede considerarse sinérgico, al potencializarse el tradicional paisaje portuario. La magnitud se considera pequeña dado el carácter de las instalaciones previstas. En cualquier caso el impacto se considera compatible”.* Considérase compatible despois de indicar que é directo, permanente e continuo. Novamente considerase “pequeno” polo “carácter” das instalacións, esquecendo o factor sinérxico.
- e. 6.2.4 IMPACTOS SOBRE EL MEDIO SOCIOECONÓMICO. *“La remoción de los materiales del fondo marino durante el hincado de los pilotes dará lugar a un aumento de los materiales en suspensión, con la consiguiente modificación de la calidad de las aguas, tanto desde el punto de vista químico como físico. Esta pérdida temporal de la calidad del agua, dado el carácter de las obras a ejecutar tendrá una escasa magnitud y no es probable que afecte ni a los bancos marisqueiros ni a las bateas ubicadas en el entorno próximo de la actuación”.*



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

CONSIDERANDO:

1. Que a fragmentación en, alomenos, dúas fases ou proxectos a construción e ampliación do peirao na Toxa incumpre o artigo 33.b da “Ley 21/2013, de 9 de deciembre, de avaliación ambiental”, pois minimiza por partición os impactos, manipulando maliciosamente o proxecto. O artigo 2º da citada lei indica que os principios son a protección e mellor do medio ambiente, a precaución e racionalización e simplificación, aquí claramente manipulados pola partición do proxecto.
2. Que o proxecto terá impactos ambientais significativos que non poden ser eliminados coas medidas correctoras indicadas polo promotor.
3. Que se producirá un impacto ambiental sinérxico desta obra con outras xa feitas na zona.
4. Que o interese particular e privado do proxecto choca frontalmente co interese público e xeral da conservación ambiental deste espazo. Igualmente afecta os intereses económicos do marisqueo, razoablemente compatibles cos intereses ambientais da zona.

SOLICITA:

1. Que se teña por presentado o presente escrito.
2. Que dado o exposto, non se autoriza a concesión solicitada.
3. Que depuren as responsabilidades legais e penais se fose procedente sobre o(s) promotor(es) e o(s) funcionario(s) responsable(s) da tramitación dun proxecto partido en dous.

Vilagarcía, a vinteoito de febreiro de 2018

Delegado de SGHN-Pontevedra



Sdo.: Xose Lois Rey Muñiz

DIRECTORA XERAL DE AVALIACION E CALIDADE AMBIENTAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA.